



CONDICIÓN DE USO DOS ESPAZOS CIDADÁS DE RIBEIRA SACRA (Novo Mesoiro)

Tras realizar as obras de acondicionamento necesarias, o Concello da Coruña pon a disposición do uso da cidadanía **dous novos espazos en Novo Mesoiro**.

Trátase de dous baixos de titularidade municipal ubicados na **rúa Ribeira Sacra**, un deles no número 15-1, cunha superficie útil de 80 m², e o segundo no número 17, cun tamaño maior, de 106 m² útiles.

Ambos espazos intégranse na nova **rede de infraestructuras sociais** denominadas **TEUs**, posta en marcha pola Concellaría de Participación e Innovación Democrática, coa apertura do Faro de Oza. O funcionamento destes dous novos locais terá unhas particularidades específicas, combinando varias posibilidades de uso.

Nos dous espazos establécense franxas temporais con distintas opcións de uso: de maneira xeral, durante a semana, os locais estarán abertos en horario de tarde para o **uso público común, compartido e convivencial** de toda a veciñanza, para estar, estudar, traballar, leer, ou ben desenvolver actividades colectivas e/ou grupais que sexan compatibles co uso comunitario do espazo, sempre de carácter gratuito e aberto.

Ademáis existe tamén a posibilidade de solicitar calquera dos dous espazos para **utilizar de forma particular e reservada**. Nesta modalidade están dispoñibles en horario de mañá de luns a venres, a última hora da tarde dos venres, as fins de semana e datas festivas completas, as tardes do mes de xullo e durante todo o mes de agosto, con algunhas excepcións.

Conforme esta segunda opción, os locais funcionarán tamén, do mesmo xeito que o Faro de Oza, como **espazos con autorización de uso puntual** para celebracións familiares, charlas, obradoiros, e actividades similares.



Opcións e modalidades de uso

O baixo ubicado na rúa Ribeira Sacra, nº 17, identificado como **TEU de Ribeira Sacra 17** é un espazo municipal público, aberto e multifuncional, equipado con:

- Plataforma de madeira elevada para pequenas actuacións.
- Mamparas separadoras de espazos.
- Mobiliario básico (mesas e cadeiras).
- Postos individuais de lectura, estudio e traballo con conexión á rede.
- Rede wifi.
- Cañón proxector.
- Toma de auga e fregadeiro.
- Aseos.

Durante o horario de apertura habitual, este local está destinado ao uso público comunitario por parte da veciñanza para actividades **individuais** (estar, leer, traballar, estudar, xogar, etc.) ou **grupais** (reunións, obradoiros, actividades formativas, charlas ou coloquios, etc.), sempre que sexan actividades colectivas compatibles co uso comunitario do espazo e gratuitas.

O baixo ubicado na rúa Ribeira Sacra, nº 15, identificado como **TEU de Ribeira Sacra 15**, é tamén un espazo público aberto, multifuncional, a maioría en planta baixa e unha pequena superficie de uso nunha planta superior, equipado con:

- Cociña con forno e campana extractora.
- Mamparas separadoras de espazos.
- Mobiliario básico (mesas e cadeiras).
- Postos individuais de lectura, estudio e traballo con conexión á rede.
- Rede wifi.
- Aseos.

Durante o horario de apertura habitual, este local funciona de maneira **prioritaria** (aínda que non exclusiva nin excluín-te) como **espazo público de encontro para a mocidade** para o desenvolvemento de actividades **individuais** (estar, leer, estudar, xogar, conectarse á rede internet, etc.) ou **grupais** (reunións, xogos educativos, obradoiros, actividades formativas, etc.), sempre que sexan actividades colectivas compatibles co uso comunitario do espazo e gratuitas para todas as persoas participantes.



O [horario de apertura habitual](#) para ambos os dous locais (tempo durante o que terán unha modalidade de uso público aberto, compartido e comunitario) é o seguinte:

	Luns a venres	Datas de peche anuais
Setembro a xuño	17:00h-20:30h	1 e 6 de xaneiro
Xullo	11:00h-14:00h	24, 25 e 31 de decembro

Durante este horario de apertura, os locais contarán con **persoal de información e apoio**, cuxas funcións serán as seguintes:

1. **Apertura e peche** dos locais respectando o horario fixado, comprobando o mantemento xeral dos mesmos e o correcto funcionamento de todas as instalacións e servizos. Calquera incidencia detectada será recollida por estas persoas, quenes a trasladarán á maior brevidade posible á Concellaría de Participación e Innovación Democrática.
2. **Información e asesoramento** á veciñanza sobre os TEUs, e especialmente as modalidades e condicións de uso, características específicas de funcionamento, recursos, opcións e dispoñibilidade dos TEUs de Ribeira Sacra.
3. **Apoio** ás entidades e colectivos que planifiquen e desenvolvan actividades grupais durante este horario de apertura habitual e uso público común.
4. **Planificación e coordinación do calendario** de usos e ocupación para a realización das actividades grupais. O persoal de apoio informará sobre a dispoñibilidade dos espazos e recollerá as peticións para o desenvolvemento destas actividades colectivas.
5. Apoio e axuda ás persoas usuarias para a **tramitación de solicitudes de uso puntual reservado** dos TEUs a través da sede electrónica, nomeadamente no caso de peche do punto de rexistro do Centro Cívico Municipal de Novo Mesoiro.

No que se refire ás **actividades grupais** organizadas por veciñas e veciños, entidades ou colectivos, en calquera de ambos os dous locais, durante este horario de apertura habitual, será preciso **facer unha petición e comunicación previa ao persoal de información e apoio**, especificando a data e horario específico da súa realización e as condicións en que se desenvolverán. Esta petición e comunicación previa realizarase nun formulario específico dispoñible nos propios locais e na páxina web de participación.



Fora deste horario de apertura habitual, poderán solicitarse os TEUs de Ribeira Sacra, do mesmo xeito que o TEU Faro de Oza, para a celebración de reunións privadas, celebracións familiares, cursos, talleres, reunións e actividades doutro tipo, sempre sen ánimo de lucro, organizadas por persoas físicas, asociacións ou colectivos informais. Neste caso, previa solicitude e valoración da mesma, o Concello outorgará unha **AUTORIZACIÓN DE USO PUNTUAL para o uso particular e reservado do espazo**.

O **horario posible de solicitude** dos locais para o seu uso reservado puntual é o seguinte:

	Luns a xoves		Venres		Sábados, domingos e festivos	Datas de peche anuais
	Mañás	Tardes	Mañás	Tardes		
Setembro a xuño	09:00h 17:00h		09:00h 17:00h	20:30h 22:00h	<u>Día completo</u> 09:00h-22:00h	1 e 6 de xaneiro 24, 25 e 31 de decembro
Xullo		14:00h 22:00h		14:00h 22:00h	<u>Día completo</u> 09:00h-22:00h	
Agosto	<u>Día completo</u> 09:00h-22:00h		<u>Día completo</u> 09:00h-22:00h		<u>Día completo</u> 09:00h-22:00h	

Natureza do uso público común aberto

Durante as franxas horarias fixadas como horario de apertura habitual dos locais, adoptarase a fórmula de **“uso público común aberto e comunitario”** para que todas as persoas que o desexen podan estar, traballar, estudar, xogar, etc., ou tamén coa posibilidade de organizar e actividades colectivas ou grupais autorizadas, abertas e gratuitas.

As actividades grupais (cursos, reunións, xogos colectivos, obradoiros, etc.) organizadas por persoas físicas, asociacións ou colectivos informais durante o tempo desta modalidade de uso público común, requirirán unha **PETICIÓN E COMUNICACIÓN PREVIA** ao **personal de información e apoio** dos TEUs de Ribeira Sacra, responsable da planificación das actividades, da xestión do uso e da coordinación xeral dos espazos.



Natureza da autorización para o uso puntual reservado

Durante o resto do tempo, para facilitar o uso particular e reservado dos espazos, adoptarase a forma de [AUTORIZACIÓN DE USO PUNTUAL](#), que consiste en destinar un local municipal para atender as demandas de **persoas físicas** e de **asociacións** ou **entidades sen ánimo de lucro e colectivos informais** que desexen o uso puntual dun espazo para actividades como unha celebración, reunión familiar, charla, xuntanza de traballo, actividade de formación ou calquera outra con proxección social ou cultural beneficiosa para a veciñanza da cidade.

Quen pode facer uso público e comunitario dos locais ou solicitar a autorización puntual para o uso reservado

En xeral, poden facer uso destes locais, en calquera das súas modalidades:

- **Cidadás e cidadáns** que precisan dun espazo común para estar, traballar, conectarse á rede, reunirse, ou desenvolver actividades colectivas, e, durante os tempos dispoñibles para elo, tamén poden solicitalos para celebrar una reunión de ámbito privado.
- **Asociacións, entidades sen ánimo de lucro ou colectivos informais** que, ben por non ter local, ou por telo pero non ter a capacidade e os recursos precisos, desexan desenvolver unha actividade social ou cultural (assemblea de persoas socias, actividades de formación, difusión do seu labor á cidadanía...), sempre de forma gratuita para as persoas asistentes.

No caso do outorgamento das autorizacións puntuais para o uso reservado dos locais, as persoas físicas solicitantes deberán ser maiores de idade e figurar empadroadas no Concello da Coruña. Igualmente, as asociacións deberán ter a súa sede no termo municipal.

Sistema de petición e comunicación previa de actividades durante o horario habitual de apertura

As persoas físicas, asociacións e colectivos poden desenvolver actividades grupais e colectivas, en calquera dos dous locais, **dentro do horario habitual de apertura**, sempre que o calendario de ocupación do espazo o permita, que non esté prevista ningunha outra actividade e coa condición de que sexa unha actividade gratuita e compatible co uso comunitario do espazo.



Para desenvolver este tipo de actividades organizadas, nas que participan un grupo de persoas, é preciso **solicitalo e comunicalo previamente** directamente ao **persoal de información e apoio** presente nos TEUs de Ribeira Sacra. Nesta comunicación previa deben constar as datas e horario da actividade a realizar, as súas características, número de persoas participantes e recursos a utilizar na mesma.

A petición e comunicación previa de realización de actividades grupais e/ou colectivas **entregarase directamente de forma presencial ao persoal de información a apoio, cunha antelación mínima de 3 días** á data de celebración. En canto ao prazo máximo, só se terán en conta as peticións de actividades a realizar dentro do **mes en curso e ata dous meses máis como máximo**.

Non poderán levarse a cabo actividades, obradoiros, cursos, etc., de forma planificada e continuada durante varias semanas ou meses ao ano, agás excepcións debidamente valoradas e autorizadas polo equipo técnico da Concellaría de Participación e Innovación Democrática.

Condicións para o uso público comunitario dos locais

En todos os casos, a utilización dos TEUs de Ribeira Sacra 15 e 17 para a realización de actividades grupais e/ou colectivas, durante o horario de apertura habitual, será **GRATUITA**.

No caso de que a actividade sexa organizada por unha persoa física, esta deberá ser **maior de idade** e estar **empadroada** no Concello da Coruña.

No caso de que a actividade sexa organizada por unha **asociación ou entidade**, esta deberá ter a súa **sede social** dentro do termo municipal da Coruña.

CONDICIÓN DE USO:

- Os dous TEUs de Ribeira Sacra contarán cun servizo de información, dinamización e coordinación prestado por **persoal de apoio**, que estará presente fisicamente durante todo o horario de apertura habitual dos locais. Este persoal de información e apoio terá asignadas as funcións anteriormente relacionadas.
- **Non está permitido que as e os menores de 8 anos permanezan sós** en calquera dos dous locais, sen o acompañamento permanente dunha persoa adulta responsable.



- As persoas, grupos ou entidades que queiran realizar actividades grupais ou colectivas **especificarán as características da actividade concreta** a realizar, data, horario, recursos a utilizar e número de persoas participantes; aportando todos estes datos na solicitude e comunicación previa entregada ao persoal de información e apoio do local.
- As actividades grupais non poderán contar cun número de participantes que sobrepase a **capacidade máxima** do local (**50** persoas no TEU-RB-15 e **70** persoas no TEU-RB-17), nin poderán extenderse fora do **horario de apertura habitual dos espazos**, que pecharán normalmente ás 20:30 h, agás no mes de xullo que abren en horario de mañá, sendo a hora de peche ás 14:00 h.
- **Non se poderán desenvolver actividades** que poidan molestar ao resto de persoas usuarias dos locais, nomeadamente actividades que se fagan con música ou niveis altos de ruído.
- Non se permitirá **ningunha actividade con ánimo de lucro**, nin a venda de produtos ou o cobro de entrada ás persoas asistentes a calquera actividade, nin calquera actividade económica nos locais.
- Poden colocarse elementos de decoración e ornamentais sempre que non leven ningún tipo de ancoraxe ás paredes, ao chan ou ao teito das estancias.
- Calquera incidencia será comunicada ao persoal de información e apoio.

Solicitude e autorización para o uso puntual reservado

A autorización para o uso puntual reservado e particular d os TEUs de Ribeira Sacra 15 e 17, inclúe o **espazo completo**, en calquera dos dous casos, **incluíndo o equipamento correspondente** de cada un dos locais (a cociña, no caso do TEU-RB15)

A solicitude de autorización de uso puntual **presentarase por rexistro** no punto de rexistro do Centro Cívico de Novo Mesoiro, no Rexistro Xeral de María Pita, no Fórum Metropolitano, no Ágora, ou a través da sede electrónica na páxina do Concello www.coruna.gal

Os formularios de solicitude están disponibles nos propios locais de Novo Mesoiro, no Centro Cívico e poden descargarse da páxina web de Participación Cidadá.



No caso de que o punto de rexistro do CCM de Novo Mesoiro non esté operativo para a presentación presencial da solicitude, e sempre que se dispoña dun **certificado dixital** ou un **DNI electrónico**, poderá optarse por presentar a solicitude a través da sede electrónica, contando co asesoramento e a [axuda presencial do persoal de información e apoio](#) dos TEUs de Ribeira Sacra.

Poderán solicitarse datas dentro do **mes en curso e ata dous meses máis como máximo**, e cunha antelación **mínima de 7 días** naturais antes do día que se queira utilizar.

Condicións específicas para o uso puntual reservado

En todos os casos a autorización para o uso puntual reservado e particular dos dous TEUs de Ribeira Sacra será [GRATUITA](#).

A **persoa solicitante** debe ser **maior de idade** e estar **empadroada** no Concello da Coruña. Ademais, se actúa en representación dunha **asociación ou entidade**, esta debe ter a súa **sede social** dentro do termo municipal da Coruña.

A **persoa solicitante** dará acuse de recibo da notificación da autorización de uso puntual, asinando o **compromiso de cumprimento das condicións de uso** que se expoñen a continuación. Para tal efecto, presentarse no local o día solicitado á hora que se acorde previamente por SMS ou correo electrónico, identificándose co DNI e a copia da súa solicitude, e recibirá no mesmo acto de comparecencia as chaves de acceso e a notificación da autorización co compromiso de cumprimento das condicións de uso, que deberá asinar. Con esa sinatura, a persoa solicitante asume, baixo a súa responsabilidade, velar polo coidado e respecto ás instalacións e faise responsable da limpeza e dos desperfectos que se poidan ocasionar.

CONDICIÓN DE USO:

- A persoa solicitante **especificará o uso concreto** para o que pide o local e só poderá destinalo a ese fin, segundo se recollerá na **resolución de autorización de uso puntual**.
- A persoa solicitante, e responsable do uso, deberá estar **presente durante todo o tempo** que dure a utilización do espazo.
- Non se poderá sobrepassar a **capacidade máxima** do local (**50 persoas** no TEU-RB-15 e **70 persoas** no caso do TEU-RB-17), nin o **horario máximo** permitido que, en todo caso, **nunca sobrepassará as 22:00 h.**



- Poden colocarse elementos de decoración e ornamentais sempre que non leven ningún tipo de ancoraxe ás paredes, ao chan ou ao teito das estancias.
- **Non se poderá facer ruído** que moleste ás persoas e a veciñanza dos edificios da contorna.
- Non se permitirá **ningunha actividade con ánimo de lucro**, nin a venda de produtos ou o cobro de entrada ás persoas asistentes a calquera actividade, nin calquera actividade económica nos locais.
- **Non está permitido o consumo de bebidas alcohólicas nin o consumo de drogas** en ningún caso, en ningún dos dous locais.
- A persoa solicitante e, polo tanto responsable do uso do local, debe encargarse de **recoller o lixo** produto da actividade realizada e levalo aos correspondentes colectores.
- Notificarase á Concellaría de Participación e Innovación Democrática, a través do correo participacion@coruna.es, cunha **antelación mínima de 48h**, no caso de non poder facer uso do local que se lle adxudicou.

Duración da autorización de uso puntual reservado

Para o uso puntual de carácter reservado existen varias posibilidades:

1. **Días laborables:**
 - a. Entre os meses de **setembro e xuño**, de **luns a venres**, autorizarase o uso puntual reservado dos locais en horario de **mañá** entre ás 9:00 e ás 17:00 h, e únicamente os **venres** poderán usarse pola **tarde**, entre ás 20:30 e ás 22:00 h.
 - b. Durante o mes de **xullo**, as autorizacións puntuais para usar os locais de forma reservada concederanse en horario de tarde entre ás 14:00 h e ás 22:00 h.
 - c. No mes de **agosto**, os locais non terán uso público comunitario polo que poderán utilizarse de forma reservada e particular, con autorización de uso puntual para días completos, de 9:00 h a 22:00 h.
2. **Os sábados, domingos e festivos, durante todo o ano**, os locais estarán dispoñibles para o seu uso reservado o día completo en horario de 9:00 h a 22:00 h. Tamén hai a opción de solicitar a **fin de semana completa** que suporía a autorización de uso dende as 9:00 h do sábado ata ás 22:00 h do domingo.



Durante todo o ano, en casos puntuais, e cando o interese da actividade o aconselle, o Concello da Coruña poderá autorizar unha duración maior.

Resolución da autorización de uso puntual

As autorizacións de uso puntual outorgaranse por estrita orde de entrada no rexistro. A Concellaría de Participación e Innovación Democrática asinará unha **resolución de autorización de uso puntual** a nome da persoa que corresponda, especificando a actividade que se poderá desenvolver, segundo a solicitude presentada.

A Concellaría de Participación e Innovación Democrática **informará previamente á persoa solicitante sobre a concesión** da autorización de uso puntual á **conta de correo ou número de teléfono** sinalados na solicitude, sen prexuízo da **entrega da notificación da resolución** na comparecencia que teña lugar no día e hora establecidos para a **entrega das chaves**.

No caso de **denegación** da solicitude levarase a cabo unha comunicación previa nos mesmos termos indicados para a concesión (mediante teléfono ou correo electrónico), se ben se enviará a notificación por correo certificado, salvo que a persoa solicitante indicara na solicitude que autoriza ao Concello a enviarlle notificacións á Caixa de correos electrónica, accesible na sede electrónica.

Réxime de funcionamento no uso puntual reservado

1. **Recollida das chaves:** dende a Concellaría de Participación e Innovación Democrática contactarán coa persoa solicitante para concertar unha hora dentro do día da autorización de uso puntual, na que se entregarán as chaves no local xunto coa **notificación da resolución** da autorización. **Só poderá recoller a chave a persoa solicitante, mostrando o DNI e a copia da solicitude, e asinará** a notificación e a aceptación das condicións de uso. En ningún caso se poderán recoller as chaves antes da hora indicada.
2. **Devolución das chaves:** a persoa solicitante devolverá as chaves no propio local ao persoal de información e apoio, ou ben á persoa encargada de recollelas, sendo en calquera caso **as 22:00h** a hora límite.



3. **Limpeza do local:** o Concello manterá un servizo de limpeza semanal do local, pero advertirá no documento de compromiso da normativa que é responsabilidade da persoa solicitante deixar o local limpo e nas mesmas condicións en que o atopou. Ademais, deberá facerse cargo do lixo e residuos producidos na actividade realizada.
4. **Incidencias:** no caso de atopar algunha incidencia, enviarase un correo electrónico a participacion@coruna.es acompañado de fotografías, a data do evento e os datos da persoa solicitante. De atopar algunha incidencia grave, contactarase directamente coa Policía Local no 092.

Condicións xerais de uso en calquera modalidade

- Os TEUs de Ribeira Sacra 15 e 17 permanecerán pechados e non estarán dispoñibles en ningunha das modalidades de uso posibles durante os días 24, 25 e 31 de decembro e tamén os días 1 e 6 de xaneiro.
- O Concello da Coruña non se responsabiliza das actividades que se realicen dentro dos locais cando os compromisos asumidos pola persoa ou entidade solicitante ou organizadora da actividade sexan incumpridos, correspondendo exclusivamente a ésta as consecuencias dos seus actos.
- O Concello non se fai responsable da desaparición de calquera obxecto (bolsos, teléfonos, prendas de vestir, etc.) que se produza no durante a celebración dunha actividade.
- O Concello queda **facultado para denegar a autorización de uso dos locais** no caso de solicitantes, persoas, entidades ou colectivos que teñan antecedentes de incidentes no uso destes locais, en calquera das súas modalidades.
- Igualmente o Concello da Coruña poderá **denegar a autorización de uso reservado**, ben porque precise o espazo solicitado para desenvolver unha actividade propia, ben pola natureza das actividades a desenvolver ou por motivos xustificadas que así o aconsellen.
- Do mesmo xeito, o Concello da Coruña poderá **non autorizar unha actividade grupal** a desenvolver durante o horario habitual de apertura dos locais, por non considerala compatible co uso público comunitario do espazo, polas propias características da actividade ou por motivos xustificadas que así o aconsellen.